

Os independentes de Toques intégranse no Partido Popular

O líder de XCPT pasará a ser cabeza de lista do PP nas eleccións municipais
Jorge Calvo irá de número 2. Se ganan os comicios, alternarán na alcaldía

Era un rumor que levaba tempo planeando sobre o panorama político de Toques e que finalmente se confirma: o PP integra nas súas filas ao partido independente XCPT e escenifica así a reconciliación cos herdeiros políticos do exalcalde Jesús Ares, expulsado do partido en 2004. Poida que non sexa a única novidade de cara ás próximas eleccións municipais xa que Miguel Buján, alcalde polo PSOE entre 2007 e 2009, valora volver á area política. P14



A gardería da Galiña Azul abrirá as portas en marzo



Falta por instalar o gas e planificar o traslado de parte dos cativos dende a escola municipal. Pais e nais participaron nunha xornada de portas abertas. P11

José Ribagorda, nomeado embaixador do melindre



O xornalista e gastrónomo convértese no primeiro comendador de 2015. Apelou no seu discurso a manter a esencia e autenticidade da repostería tradicional. P12

EMPRESA

Mercamelide
pecha unha das
edicións con
maior afluencia
de público P8

MELIDE

A Deputación
estudará o xeito
de colaborar co
museo para que
non peche P13

COMARCA

Perde a vida
un operario de
Santiso mentres
traballaba en
San Román P16

ENTREVISTA



Karim Gamil
Clínica
Dental P23

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A propósito de Falciani

Xa hai tempo que oímos falar dela, pero non foi ata agora que empezamos a saber dos nomes que contén a coñecida como *Lista Falciani*, ese relatorio de clientes que acudiron á filial suíza do banco británico HSBC para agochar contas millonarias e evadir impostos. O documento, filtrado en 2008 por un ex

empregado do banco, Hervé Falciani, recolle a identidade de 106.000 clientes con contas opacas. Procedían de 203 países distintos e acumulaban un saldo total de 100.000 millóns de dólares. As cifras da fraude son en si escandalosas, pero a Lista Falciani deixa tras de si un regueiro de reflexións igual de alarmantes. A primeira atangue á entidade bancaria, o HSBC, que non só serviu de parapeto para a fraude, senón que axudou a numerosos clientes a evadir impostos e a ocultar riquezas asesorándoos sobre como evitar as autoridades fiscais en cada país.

Nun segundo chanzo está a desidia do goberno español, que xa no propio ano 2008



tivo coñecemento dos 2.694 cidadáns do país que figuraban na lista e que agochaban irregularmente nesas contas 1.800 millóns de euros. Ademais de negarse a revelar os nomes, fixo pouco ou nada por actuar contra os paraísos fiscais que dan cobertura á fraude e tamén aloxamento, segundo datos dos técnicos de Facenda, ao 94% das sociedades do IBEX 35. Sumamos a isto outro dato: o 70% da evasión fiscal é practicada polos grandes conglomerados empresariais.

Como contraposición ao que se debería facer, actuar onde está o problema, atopamos aquí unha lei de amnistía fiscal de recente factura que permitiu regularizar contas de

xeito case gratuíto e sen custo penal ningún. De tanto encoller os ombreiros, xa nos empeza a saír chepa, pero o que máis amola o ánimo é ver como algúns evasores ousaron incluso dar consellos sobre a xestión económica do país mentres outros se presentaron como modélicos defensores das cores patrias ao tempo que sumaban cerros ás súas contas opacas en Suíza.

E que queda despois de todo isto? Pois a sensación de que o rico ten o dereito natural a defraudar como algo innato, propio e acorde á súa condición. A sensación da frustración, a constatación de que formamos parte dun sistema onde as minorías lla xogan constantemente ás maiorías.

Tribuna de opinión

Queremos galego

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Máis de 20.000 persoas saíron ás rúas de Compostela o pasado 8 de febreiro para berrear "Queremos galego" e demandar da Xunta de Galicia unha política lingüística diferente que mire polo idioma propio en horas baixas.

Para quen quere ver política neste tipo de manifestacións ou se empeña en relativizar un problema que nos afecta como pobo, están os datos. Non os publica ningún partido nin plataforma, senón os servizos estatísticos da Xunta. Din, por exemplo, que o 22% dos menores de 14 anos nados en Galicia son incapaces de expresarse en galego. E para quen queira negar ou cuestionar os datos, está a realidade. Non a da nosa comarca, que

é aínda un paraíso metido nunha burbulla, pero si a de calquera outra vila ou cidade. Tamén a de moitas escolas co castelán como lingua materna nas que o galego xa se estuda coma se fose inglés. Así é que cada vez escoitaremos máis iso de "yo lo entiendo pero no lo sé hablar". Con toda normalidade. Imaxinan que pase iso co castelán? Botaríamos as mans á cabeza. Aí está a desigualdade entre as dúas linguas. Por iso apoiar o galego non é impoñelo, senón facilitar a súa implantación nunha sociedade na que estivo tradicionalmente discriminado e na que permanece en inferioridade de condicións. Fagámolo polas fillas dos nosos fillos. Queiramos galego!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Vanessa Martínez, César C. Vega, Pepe Núñez

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

O comercio de Melide percibe os primeiros síntomas da recuperación económica

Os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) debuxan un panorama pouco alentador para o sector do comercio en Galicia, que encadea sete anos sen alzas nas vendas. A baixada dos prezos durante o ano pasado e os fortes descontos aplicados na campaña de Nadal non foron suficientes para que a comunidade seguise a estela do conxunto do estado, onde a facturación do sector medrou no 2014 un 0,9%, rexistrando así o primeiro incremento dende o inicio da crise.

Trasladando os datos ás rúas de Melide, onde o sector servizos representa un dos piares da súa economía, os comerciantes identificanse con ese escenario de estancamento: “aquí no último ano non melloramos moito pero tampouco fomos a peor”, di a propietaria de Marvi, unha tenda de lencería do casco vello. A súa percepción vai en sintonía coa da maioría dos seus colegas da vila, para quen o sector tocou fondo en 2013 e a melloría tarda máis do desexado en chegar.

Brotos verdes

A pesar do estado de atonía, comezan a xurdir voces que falan dun claro cambio de tendencia e que certifican os primeiros síntomas da recuperación. É o caso de Esther Bouzo, propietaria de La Cortina, para quen o 2014 marcou un antes e un despois: “os dous anos anteriores foron horri-



As vendas do Mercamelide son un bo indicador sobre o comportamento da demanda privada

bles, pero en 2014 notei melloría. Foi bastante bo; oxalá que o 2015 sexa coma el”. Con todo, apunta, “non ten nin punto de comparación cos anos felices”. Para Mónica Segade, de M&M, 2014 tamén trouxo un repunte nas vendas, cun verán “moi bo” e unha campaña de Nadal “mellor que a do ano anterior”. Nunha liña semellante, Mary López, da tenda de electrodomésticos Electrosan, percibe un cambio de actitude no consumidor: “hai un par de meses que se está movendo a cousa, pero moi lentamente”, matiza.

As singularidades de Melide

Para algúns comerciantes da vila no comportamento da demanda privada inflúen factores alleos á propia situa-

ción económica. “Melide está a un paso de Santiago, de Lugo e da Coruña”, di Alfredo López, responsable dunha tenda de deportes, “a economía pode mellorar, pero nós temos moita competencia das grandes superficies e iso é o que nos mata, moito máis cá crise”, asegura.

Pola súa parte, o propietario do Centro Comercial Ares, Emilio Ares, considera que datos como o incremento do 3,7% nas vendas en decembro a nivel galego son “unha falsa realidade”. Opina que “seguimos coxeando” e vaticina que Melide tardará en subirse ao carro da recuperación: “a nivel nacional hai cambios pero o noso comercio leva atraso. A crise chegou máis tarde e agora tamén tardará máis en marchar”.

Os comerciantes opinan



Esther Bouzo
La Cortina

“Oxalá no 2015 me fora tan ben coma no 2014. Foi un ano bastante bo, pero nada comparable cos anos felices nos que se vendía tanto”



Emilio Ares
Ctro. Comercial Ares

“Falamos de cambios e de recuperación pero aquí aínda non se ven. A crise chegou máis tarde e agora tamén tardará máis en pasar”



Mary López
Electrosan

“Dende hai un par de meses parece que a xente acode a mercar con outra actitude. Algo se está movendo, pero moi lentamente”

A crise atrasa a idade de xubilación e mingua as pensións dos autónomos

A Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA) denuncia que a crise económica está a ter consecuencias especialmente negativas para os traballadores por conta propia, moitos dos cales se ven na obriga de atrasar a súa xubilación. Segundo datos publicados pola administración da Seguridade Social, o número de autónomos que se xubilaban o ano pasado descendeu notablemente: se no 2013 foron 28.226, en 2014 a cifra reduciuse ata os 18.603, unha caída que a federación galega do gremio

interpreta como a consecuencia directa dunha crise “que obriga a muchos autónomos a seguir de alta a pesar de alcanzar la edad de jubilación”.

FEAGA critica ademais a diferenza “evidente” entre a pensión media dos autónomos (616,41 €) e a dos traballadores do réxime xeral (974,72 €). Con respecto a isto, e para evitar que a distancia siga medrando, reclaman que se eliminen “las trabas que el sistema impone para el aumento de las bases de cotización a partir de los 47 años”. Sen iso “las diferencias seguirán au-

mentando”, apuntan dende Feaga, quen denuncia tamén que durante o ano pasado as pensións medias dos xubilados do réxime xeral aumentaron en 15,07 € mentres que as dos autónomos xubilados só se incrementaron en 8,15 €.

Por outra banda Feaga anuncia que seguirá traballando para concienciar aos autónomos “sobre la necesidad de realizar un esfuerzo de cotización en función de sus ingresos”. Asegura que unha porcentaxe “superior al 80%” cotiza por bases mínimas e iso ao final tradúcese en pensións “sensiblemente inferiores”. Outro dos cabalos de batalla será conseguir que se recoñeza o dereito á cotización a tempo parcial.

- HOGAR
- AUTOMÓVIL
- EMBARCACIONES
- COMERCIOS
- OFICINAS
- PYMES
- CONSTRUCCIÓN
- TRANSPORTES DE MERCANCÍAS
- RESPONSABILIDAD CIVIL
- ACCIDENTES
- VIDA
- SALUD / ENFERMEDAD
- DECESOS / TELEASISTENCIA
- AHORRO / INVERSIÓN / DEPÓSITOS / PENSIONES / RENTAS



Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K


C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- | | | |
|------------------------------|-------------------------------------|--|
| - Medición de terreos | - Partición de herdanzas (partixas) | - Fotos antigas do Catastro de Melide |
| - Catastro | - Informes periciais e valoracións | - Concentración parcelaria |
| - Segregacións e agrupacións | - Proxectos agrícolas | - Legalización de pozos, traídas de auga, etc... |
| - Imposto de sucesións | | |

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com

Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Rúa Principal, 6

Telf: 696 77 41 63

MELIDE



Asetem dá por rematada a campaña de Nadal coa entrega de 16 premios

Librería Cousas deu finalmente o primeiro. O segundo quedou deserto

Todo comezo require un final. A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) púxolle o broche de ouro á campaña de Nadal coa tradicional entrega de premios. Foi o pasado día 5 de febreiro e realizouse un ano máis en Pulpería Ezequiel, que puxo desinteresadamente o seu local a disposición da patronal para celebrar o acto e compartir unha velada de petiscos entre premiados e comerciantes.

Con Manuel Vázquez, presidente de Asetem, e Ánxeles Vázquez, alcaldesa de Melide, como anfitrións, fóronse entregando un tras outro os 16 galardóns concedidos na 15ª edición da campaña *Este Nadal toca en Melide*; unha campaña que se caracterizou polo moito que tardaron en aparecer os clientes premiados. De feito, nalgún caso, non apareceron. Así foi que o segundo premio, dotado con 1.000 euros, quedou deserto ao non se presentar nin o titular do número premiado (que entregou Distribuciones Ribeirao), nin o do número que se extraeu en concepto de reserva (entregado por Perfumería Lyss).

A piques estivo de pasar algo semellante cos 2.000 eu-

ros do primeiro premio: non houbo noticias do cliente posuidor do 27.320, entregado por Cousas Novas, e o máximo galardón acabou caendo nas mans de Ana María Quintás, que tiña o número de reserva.

Isto fixo, ao mesmo tempo, que Librería Cousas entregase un ano máis o primeiro premio. E xa van tres case consecutivos: 2012, 2013 e agora 2015. Ademais, esta librería, rexentada por Ramón Vidal, entregou na presente edición outros catro premios, dous de 200 euros e dous de 100 euros. Certo é que a sorte tamén hai que tentala e que Librería Cousas repartiu entre os seus clientes 2.400 rifas (os 55 negocios participantes na campaña entregaron en total algo máis de 47.000). No ranking de boletos repartidos, Xoiería Roval ocupa o primeiro posto, con 3.400 rifas repartidas. Neste caso a sorte foi máis esquiva, pois esta tenda da rúa Alexandre Bóveda non deu premios.

A última campaña da crise

Os clientes agraciados terán ata o 23 de febreiro para gastar os seus premios. Deberán facelo no comercio de Melide, que recibirá deste xeito unha



Manuel Vázquez (presidente de Asetem), Ramón Vidal (Librería Cousas), Ana María Quintás (ganadora dos 2.000 €) e Ánxeles Vázquez (alcaldesa de Melide)



Algúns dos comerciantes que entregaron premios na derradeira campaña de Nadal

pequena inxección de recursos nuns meses frouxos en canto a vendas. Dende a patronal amó-

sanse “bastante satisfeitos” co transcurso da campaña e, tras observar algo máis de dina-

misimo nas tendas este Nadal, agardan que sexa “a última campaña da crise”.

Comerciantes e premiados da campaña de Nadal



Foto de grupo de todos os clientes que resultaron premiados na campaña “Este Nadal toca en Melide”



Calzados Broz e María Jesús Conde

Comerciantes e premiados da campaña de Nadal



Froitas Olga e Chelo Abelairas



Librería Cousas e Rosa Coego



Rosa Corral e Imprenta Meligraf



Bodegas Mejuto e representante de Sara Otero



Arsenia García e Zapatería Tanuska



Librería Cousas e Jesús Pumar



Muebles Paula e Jesús Freire



Oro Ley e Mercedes Morelle



Manuel Piñeiro e Zapatería Tanuska



Librería Cousas e Margarita Iglesias



Muebles Paula e José Luis Fociños



Librería Cousas e Patricia Sánchez

Roval

JOYERÍA



Este mes:




14 Febreiro 2015

Máis de 30 anos conseguindo a confianza dos nosos clientes !!

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

Se observamos calquera imaxe dun reloxo, é moi posible que as agullas marquen as dez e dez, pois esa é posición alegre, de sorriso...

Tfno.: 981 50 54 31 • joseroval@mundo-r.com • Rúa Alexandre Bóveda, 12 • 15800 MELIDE (A Coruña)

CURSO: ALERGIAS E INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS EN HOSTELERÍA



AÚN no estás adaptado a la nueva normativa?

➔ **A QUÉ ESTÁS ESPERANDO?**

NUEVA NORMATIVA

UE/1169/2011, entró en vigor el 13 de Diciembre sobre "Alérgenos a intolerancias alimentarias en Restauración"

El reglamento UE 1169/2011 obliga a los establecimientos de hostelería a tener información de los platos que contienen alérgenos para que cualquier consumidor sepa lo que puede y no puede comer en igualdad de condiciones que otro, sin tener que identificarse o pedir un trato especial.

FORMACIÓN SOBRE NORMATIVA

¿Cómo afecta al local de hostelería?

- ✓ **Proveedores:** hay que revisar los productos reelaborados de los proveedores tales como salsas, etc. para comprobar que no contienen estos alérgenos o, si los contienen, informar debidamente al cliente.
- ✓ **Empleados:** tenemos que ser capaces de garantizar unas prácticas de manipulación correctas para evitar los cruces y las situaciones de riesgo. Desde este punto de vista es básica la formación del personal, puesto que nos evitará reclamaciones o situaciones de riesgo.
- ✓ **Locales e instalaciones:** deberán contar con las medidas de prevención adecuadas en las cocinas para garantizar la seguridad alimentaria de cara a los clientes más sensibles, como son los alérgicos.
- ✓ **Consumidores:** deben estar debidamente informados para poder comer en los establecimientos de hostelería en unas condiciones óptimas de seguridad alimentaria.

¿Qué conseguiremos con esta formación?

El alumno será capaz de conocer las principales alergias e intolerancias alimentarias, interpretar correctamente el etiquetado, además de adquirir los conocimientos sobre los controles y buenas prácticas necesarios en restauración para evitar la contaminación cruzada por alérgenos. También será capaz de buscar alternativas para la preparación de los platos de las personas alérgicas o intolerantes.

Al finalizar este curso se les entregará, junto con el diploma acreditativo, un cartel informativo de cara a sus clientes junto con su carta actualizada identificando claramente los alérgenos.

INSCRIPCIONES E INFORMACIÓN:

formacion@plagostel.com | 986 118 714 | www.plagostel.com

Plagostel
N.R.5. [0177-GAL-SP0]
calidad e higiene alimentaria

A alta afluencia de público anima as vendas do Mercamelide de inverno

Dise que nunca chove ao gusto de todos, pero poucas son as voces discordantes á hora de asegurar que a derradeira edición do Mercamelide foi unha das mellores que se ten celebrado ata ao momento no que a vendas se refire e, especialmente, en canto á afluencia de público.

Iso é o que constata a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) como parte da organización e tras ter consultado a un bo número dos negocios asociados que estiveron os pasados días 30 de xaneiro e 1 de febreiro no Pazo de Congressos participando na XV edición da feira de saldos. “Eu vexo os corredores cheos de persoas”, apuntaba a vendedora dun stand dedicado á roupa para o fogar, “e moitas veñen de Arzúa, Lalín, Monterroso, Antas e mesmo Lugo e Santiago”. Na mesma liña, dende un expositor de moda téxtil coincidían en que “a afluencia de xente foi moito maior que outros anos” e destacaban o feito de que a xornada do sábado, tradicionalmente “máis parada”, rexistrara unha alta asistencia.

O maior volume de visitantes traducíuse, en liñas xerais, nun incremento das vendas. “Bastante ben”, “non hai ningunha queixa” ou “mellor que o ano pasado” foron os comentarios máis repetidos, segundo a patronal melidense, entre os negocios consultados. Non



A xornada de tarde do domingo rexistrou o pico de afluencia



Manuel Rodríguez, de Melide, recibe un dos agasallos sorteados

obstante, algúns participantes consideran que o balance podería ter sido mellor se a feira se celebrase noutra data: “esta non foi boa porque cadrou a finais de mes, foi preto da campaña de reis e coincidiu coas feiras de Monterroso e Friol”.

Á marxe de público e ven-

das, o Mercamelide ten tamén unha función de escaparate que os negocios valoran moi positivamente: “para nós é unha cita imprescindible, porque é un xeito de darnos a coñecer, de que o cliente sitúe a nosa tenda e de facer publicidade”, din nun stand de elec-

Os Bolechas: debuxos que conciencian sobre a importancia de mercar na vila

Foron a novidade da XV edición do Mercamelide e uns dos protagonistas: Os Bolechas, personaxes de animación creados polo debuxante Pepe Carreiro, visitaron o Pazo de Congressos de man da Secretaría Xeral de Normalización Lingüística para ledicia das ducias que cativos que acudiron a velos.

A súa presenza causou grande expectación e foron en parte os reponsables da alta afluencia de público na xornada do domingo: “veu moita xente preguntar a que hora viñan; os Bolechas e a máquina das filloas son un éxito”, comentaba unha comerciante ao fío da importancia de engadir actividades de ocio á feira de saldos. Pero á marxe diso os Bolechas xogaron tamén un papel importante na concienciación dos máis novos sobre a importancia de mercar na vila. Foi a través dun concurso de debuxo que puxo en marcha o Concello, no que participaron os escolares de educación infantil dos tres colexios da vila e no que se repartiron 8 premios: libros, discos e cursos de inglés-galego.



trodomésticos. “De feito, na semana posterior ao Mercamelide véndese moito”.

Dende Asetem danse por cumpridos os obxectivos que persegue o Mercamelide e atribúese parte do éxito desta edición “ao esforzo que se está a facer dende o Concello por

completar a oferta comercial cunha parte lúdica”. Tamén, segundo apunta Manuel Vázquez, presidente da patronal, “á agudeza dos comerciantes, que souberon entender o concepto do Mercamelide e foron consolidando ano tras ano esta feira”.

SOCIOS CON INICIATIVA

Obradoiros en Casa Alongos

Tralo éxito do taller-cursiño de degustación de sushi celebrado recentemente, Casa Alongos continúa coa programación de obradoiros para todos os públicos no seu establecemento do Camiño Vello de Santiago. O vindeiro, enfocado para nenos e nenas a partir de catro anos, levará por título *Aromas e sabores* e celebrarase o sábado 21 de febreiro de 11:30 a 13:00 horas. Dirixido pola sumiller



Marina Cruces e cun custo de 5 euros, os cativos participantes adestrarán a agudeza tanto do gusto como do olfacto. Xa para adultos, e tamén baixo a dirección de Marina Cruces, está programado un obradoiro de viños, con adestramento dos sentidos e catas “a cegas”.

Cafetería Stop, novo local en Arzúa

Quen dixo crise cando hai iniciativa e ganas de traballar? Un exemplo de que sempre é bo momento para emprender constitúe Jorge Santiso, socio de Asetem e xerente da Cafetería Stop, na melidense rúa de Santo Antón, que decidiu dar un paso adiante na súa traxectoria profesional e ampliar o negocio. Así foi que recentemente abriu as súas portas na veciña localidade de Arzúa “O furancho de San-



tiso”, un mesón e tappería de factura moderna que inclúe tamén unha das marcas de identidade da Cafetería Stop: os churros. A decoración, que recrea a estética dunha adega tradicional e o seu entorno, é un dos aspectos que máis chama a atención da clientela.

Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramitámosche as solicitudes de xeito gratuito. Tamén informamos sobre os cambios legislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, bienestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Efa Piñeiral, Seguridade A-1, Radio Melide ou R.

- **Oferta formativa**

En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca: Este Nadal toca en Melide, Bono Asetem, Unha voltaña por Melide, concurso de tapas de primavera e outono, En Melide todo o día, Salón da Voda, Mercamelide, Feira de maquinaria agrícola...

- **Cesión gratuita do local**

As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.



Aínda non lle ves as vantaxes?

Asóciate!!

AHORA EN MELIDE

MULTIÓPTICAS

Tábora

Nº1 en servicios ópticos



Abrimos los sábados mañana y tarde

Multiópticas Tábora
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide- A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99

***Multiópticas y
Microaudio***

Fixan para o mes de marzo a entrada en funcionamento da nova gardería

A escola infantil construída pola Fundación Amancio Ortega en Melide, con 61 prazas para cativos de cero a tres anos e un orzamento de 1,4 millóns de euros, abrirá as súas portas o vindeiro mes de marzo: “mejor en la primera quincena que en la segunda, y si no abre es porque surgió algún imprevisto con el que no contamos”.

Confirmouno Roberto Rodríguez, xerente do Consorcio Galego de Benestar - a entidade dependente da Xunta que xestionará o centro a través da rede de garderías A Galiña Azul - na xornada de portas abertas que se organizou o pasado 4 de febreiro para que as nais e pais dos cativos coñecesen por dentro as instalacións. A día de hoxe a gardería está completamente rematada e equipada. Tan só resta instalar o gas, facer unha proba xeral das instalacións e realizar unha reunión coas familias para planificar o tras-



Unha nai abandona a gardería tras visitar as instalacións

lado dos cativos.

Segundo unha enquisa realizada polo Concello entre os pais e nais dos 78 alumnos matriculados na gardería municipal, un 75% dos menores de ata dous anos irán para o novo centro, que ten entre un dos seus atractivos o servizo de comedor. Pola contra, a maioría dos que teñen entre 2

e 3 anos e para setembro xa comezan no colexio, rematarán o curso na escola infantil municipal, que de momento continuará en funcionamento aínda que cunha matrícula moi reducida. Cinco das súas 8 traballadoras, contratadas como persoal laboral, serán subrogadas. As outras tres son funcionarias do Concello.

Unha grellada que puido acabar en traxedia

Nove cazadores resultan intoxicados por inhalación de monóxido de carbono

O que prometía ser unha feliz tarde de lecer puido converterse nunha traxedia: nove cazadores da comarca tiveron que ser atendidos polos servizos médicos de urxencias ao resultar intoxicados polo monóxido de carbono procedente dun braseiro.

O suceso produciuse o pasado domingo 1 de febreiro cando, despois dunha xornada de caza matutina, os participantes na mesma decidiron facer unha grellada no baixo dunha casa d'O Forte, na parroquia melidense de Os Ánxeles. Dado o frío intenso dese día, optaron por meter o braseiro dentro do baixo para quentárense durante o xantar. Avanzada a tarde, e mentres xogaban unha partida de cartas, comezaron a notar os primeiros síntomas de cansera

e dor de cabeza, pero non foi ata que un deles quixo erguerse e non puido que se decataron do que estaba acontecendo.

Inmediatamente abriron portas e ventás para ventilar e chamaron aos servizos de emerxencias, que os trasladaron ao PAC de Melide. Alí, os médicos de garda decidiron derivar a tres ao hospital de Santiago. “Foi máis por precaución ca porque presentasen un cadro clínico de gravidade”, aseguran os bombeiros de Arzúa, que tamén se presentaron no lugar. As medicións que realizaron deron uns valores de monóxido de dúas partes por millón. “Os valores letais sitúanse nas 300 partes por millón”, explican, “pero unha exposición prolongada a pequenas doses tamén pode poñer en risco a vida”.

Unha moción para recuperar “a honorabilidade” perdida

O Partido Popular de Melide presentou no último pleno municipal unha moción co obxectivo de “restablecer a honorabilidade” dunha veciña da vila que se sentiu agraviada polas informacións publicadas no último boletín do BNG.

Trátase, en concreto, da directora do obradoiro de emprego que se está a desenvolver no municipio, María Pilar Sánchez, que foi no seu día concelleira polo PP e que sentiu que os nacionalistas cuestionaron a súa “profesionalidade, curriculum, experiencia e formación”, ao vincular o seu nome con informacións sobre o enchufismo. Así o fixo constar nun escrito presentado no rexistro do Concello do que se fixo eco o PP solicitando da corporación municipal “restablecer a súa honorabilidade a través dun medio de comunicación público”.

O voceiro do BNG, Xosé Igrexas, argumentou que “en ningún momento cuestionamos a capacidade desta señora para exercer como directora” e, tras ler integramente a información publicada no boletín, engadiu: “falamos só de enchufismo, que é unha práctica vosa moi habitual”. Acto seguido pediu a disolución do PP “por corrupto”. Tal petición causou estupor nas bancadas populares: “se falades de enchufismo, hai que demostralo”, replicou Ánxeles Vázquez, “e hai que diferenciar política de persecución da xente”.

Pola súa banda Manolo Prado, do PSOE, posicionouse en contra da moción: “está totalmente fóra de lugar”, dixo, “se cada vez que hai un problema cun veciño presentades unha moción, apaga e vámonos. Se esta persoa se sentiu ofendida, aí está o xulgado de Arzúa”.

O PP frustra unha iniciativa do BNG para recorrer as condicións de Sogama

O grupo municipal do BNG considera que cómpre buscar “alternativas viables” ao actual modelo de xestión de residuos amparado pola Xunta que, ao seu xuízo e “coa complicidade do PP local”, está a prexudicar a economía do Concello.

Os nacionalistas denuncian que a suba do 35% no canon de Sogama aprobada “unilateralmente” en 2014 está a supoñer para as arcas municipais “un custo de 49.000 euros a maiores nestes dous anos”. A isto suman “a imposición sen ningún tipo de diálogo coas entidades locais” dunhas novas condicións de adhesión Sogama. Así o denunciou o voceiro do BNG no último pleno municipal, onde presentou unha moción solicitándolle ao goberno local que presentase un recurso contencioso-administrativo contra esas novas condicións de adhesión co obxectivo de poñerlle freo ao que eles consideran “un atentado para a economía local”.



Celta Prix é a concesionaria da recollida de lixo en Melide

A iniciativa recibiu o apoio do PSOE, quen ve na suba aplicada por Sogama “un serio prexuízo”, pero foi tombada polos votos do PP. “A tarifa baixará un 10% en 2015 e o canon que se paga en Galicia é o máis baixo de toda España”, explicou a portavoz dos populares, Chus López. A isto engadiu que “a adhesión a Sogama é voluntaria” e cualificou de “irrespon-

sable” a decisión dalgúns Concellos de declararse insubmisos ante a suba recente do canon. “Non pagar é poñer en risco o sistema”, dixo, “se non pagamos, Sogama non é viable e teríamos un problema”. Por outra banda, e aludindo ao BNG, aclarou que “só un 3% dos concellos adheridos deixou de pagar as facturas e son todos da mesma ideoloxía”.

José Ribagorda defende o “acervo cultural” do melindre como primeiro embaixador de 2015

O xornalista e gastrónomo José Ribagorda, popularmente coñecido polo seu traballo á fronte da edición fin de semana de Informativos Telecinco, foi nomeado primeiro embaixador do melindre de 2015.

No acto de proclamación, que se celebrou o pasado 27 de xaneiro no salón de plenos do Concello, Ribagorda reafirmou o seu compromiso con esa gastronomía “llena de autenticidad y que emana del acervo cultural” coa que se identifica a repostería melindense. “Las cosas no se mantienen a lo largo de los siglos por casualidad”, dixo, “sus valores estarán siempre vigentes y no los puede ensombrecer la vanguardia”. Nese sentido, animou aos melindreiros da vila presentes no acto a seguir polo camiño da tradición, “un camino eterno y con futuro”.

Pola súa banda a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, salientou a capacidade de Melide para manter no tempo un produto “que é parte da nosa historia e



Santos López (concelleiro), Ánxeles Vázquez (alcaldesa) e o xornalista José Ribagorda

da nosa economía”. A rexedora tamén destacou o feito de que todos os melindreiros da vila sexan xente nova, herdeiros da tradición de varias xeracións: “podemos sentirnos orgullosos, porque iso non acontece en todos os pobos”.

O nomeamento do pri-

meiro embaixador, que se produciu “de forma excepcional” catro meses antes da celebración da Festa do Melindre, foi tamén unha xornada de promoción turística e gastronómica de Melide. Antigos embaixadores, reposteiros, hostaleiros e membros do go-

berno local visitaron a queixería Terra de Melide e degustaron o vermú galego St. Petroni nunha pulpería local. Pola tarde, os doces tradicionais foron os protagonistas xunto cos viños da D.O. Rías Baixas dunha cata a cargo da sumiller Mercedes González.

Melide recibe as masas comúns da parcelaria de Maceda-Orois

As 9 fincas catalogadas como masas comúns que resultaron do proceso de concentración parcelaria nas parroquias de Maceda e Orois xa están en mans do Concello de Melide. A cesión realizouse o pasado 27 de xaneiro e supón o paso previo á entrega de títulos aos 436 propietarios de fincas, acto que se realizará este mesmo ano e que poñerá fin a un proceso iniciado en 1997 e que permitiu concentrar 1.087 hectáreas de terreo. O Concello prevé habilitar nas masas comúns cargadoiros de madeira, aparcamentos para maquinaria pesada e vehículos, áreas de recreo e puntos de captación de auga para incendios e de recollida de plásticos. Tamén se usarán para a ampliación dun cemiterio parroquial e dun campo da festa.

FOTO-DENUNCIA

Con paso firme?



Melisa contribúe á inserción laboral de reclusos con talleres tecnolóxicos

A Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (Melisa) pon en marcha un ano máis, e xa van tres, os obradoiros tecnolóxicos en centros penitenciarios galegos, unha iniciativa que se encadra dentro dos programas de voluntariado dixital da Xunta de Galicia.

O primeiro dos talleres comezou xa o 27 de xaneiro no cárcere de Teixeiro e servirá para formar a 15 internos do módulo de respecto. Durante o transcurso do mesmo, os participantes aprenderán a montar un ordenador persoal, a identificar as súas partes, a detectar as avarías máis comúns e a realizar labores de mantemento. Ao remate, deberán ser capaces de instalar e configurar un sistema operativo GNU/Linux co obxectivo de que eses equipos formen



Melisa doou o material necesario para realizar os obradoiros

parte dunha nova aula de informática para o módulo de respecto ao que pertencen. Tanto os oito ordenadores que se empregan no obradoiro como o resto de material informático, foi doado por Melisa.

O ciclo de talleres terá con-

tinuidade ata o mes de outubro e desenvolverase en todos os centros penitenciarios de Galicia. Nas dúas edicións anteriores formouse a un total de 83 internos, contribuíndo así á súa inserción no mercado laboral a través da tecnoloxía.

O BNG critica que o PP se acorde “agora” do Museo da Terra de Melide

O presidente da Deputación da Coruña, Diego Calvo, visitará nos próximos días o Museo da Terra de Melide para estudar posibles fórmulas de colaboración que garantan a apertura do centro durante todo o ano. O compromiso de Calvo responde á chamada da alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, que petou ás portas da Deputación reclamando apoio institucional para que o museo comarcal non teña que pechar tres meses ao ano por falta de fondos, como sucede na actualidade.

Nin a anunciada visita nin a reunión de Vázquez con Calvo é vista con bos ollos polo grupo municipal do BNG, que considera “penoso e vergonzoso que o PP se acorde a uns meses dunhas eleccións de temas que nunca apoiou”. Así o expresou o voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas, para quen a alcaldesa toma agora a iniciativa na defensa do museo “por pura estratexia electoral”. Igrexas recorda ademais que



Sección do museo dedicada aos apeiros de labranza

o BNG presentou iniciativas “tanto no pleno como no Parlamento Galego” a prol do museo “e o PP sempre se negou”. É por iso que, na súa opinión, “a alcaldesa está a facer un uso totalmente partidista da Deputación a hora de vender propostas e proxectos a uns meses das eleccións”.

A día de hoxe a Deputación da Coruña é a única institución que apoia economi-

camente ao Museo da Terra de Melide. No ano 2014 reduciu a súa achega de 30.000 euros anuais a 20.000, o que motivou que o museo pechara tres meses no inverno ante a incapacidade de afrontar os gastos de persoal. Precisamente o ano pasado, e a pesar de permanecer temporalmente cerrado, bateu un récord de afluencia con 11.672 visitantes.

Partidos na corda frouxa por falta de auga quente



As reparacións feitas dende 2011 en adiante foron insuficientes

A auga quente volveu fallar no campo de fútbol municipal para indignación dos usuarios e enfado do PSOE, que carga as tintas contra o goberno local por “non preocuparse polos deportistas, polo mantemento das instalacións nin pola imaxe de Melide”. Os socialistas sinalan que o deficiente subministro de auga quente nos vestiarios comeza a ser “un problema habitual” e advirte que por tal motivo, e ante as queixas dos equipos visitantes, xa estiveron a piques de suspenderse partidos de competición programados.

Dende o executivo municipal sinalan que se actúa cada vez que se produce unha incidencia ou avaría e apuntan que os quen-tadores de auga quedan sen subministro sempre nas fins de semana e como consecuencia da manipulación do cadro eléctrico.

Avalancha de inscricións para a ximnasia de Alcer



Sesión de ximnasia do programa Bule con Alcer en Melide

Foi abrir o prazo de inscrición e esgotarse nun só día todas as prazas dispoñibles no programa de ximnasia adaptada para persoas con enfermidades crónicas que desenvolve Alcer en Melide co financiamento do Concello e da Deputación. Para dar cabida aos 30 aspirantes que quedaban en lista de espera, o goberno local decidiu ampliar de dous a tres o número de grupos. Deste xeito, dáse cobertura a 80 persoas. Como novidade, este curso os usuarios terán unha sesión á semana na piscina climatizada.

Informe financeiro

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, presentou no último pleno o informe económico-financeiro do derradeiro trimestre de 2014, no que se reflicte que os provedores do Concello cobran nunha media de 20 días dende a aprobación das facturas pola Xunta de Goberno. O informe recolle ademais o estado actual da débeda viva do consistorio, que ascende a 723.624 euros. Para a rexedora estes datos son a mostra de que “os esforzos de contención de gasto mereceron a pena”. Vázquez recorda que no actual mandato se fixo fronte a 2,5 millóns de débeda bancaria e a 1 millón en facturas a provedores.

Acoller nenos saharauís

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí pon en marcha un ano máis o programa *Vacacións en Paz*, que permite traer a Galicia durante dous meses do verán a nenos e nenas que viven en condicións extremas nos campamentos de refuxiados de Tindouf. O prazo para solicitar a acollida dun cativo xa está aberto e remata o día 15 de abril. En Melide son varias as familias que acollen a cativos cada verán. As que estean interesadas en facelo deben poñerse en contacto coa asociación a través do número de teléfono 986 26 26 37.

Compra de mobiliario

A residencia de maiores de Melide podería estar funcionando a pleno rendemento a finais do mes de marzo. Será cando se complete o proceso de adquisición e instalación dos mobles necesarios para equipar as 38 novas prazas que se habilitaron no centro. A entidade que o xestiona, o Consorcio Galego de Benestar, xa licitou o contrato para a compra do equipamento, por valor de 149.971 euros. As empresas interesadas terán ata o 18 de febreiro para presentar ofertas e a adjudicataria deberá cumprir o contrato antes do 20 de marzo.

Arranxos anti-inverno

A Concellería de Obras vén de realizar diferentes traballos en catro parroquias do municipio para contrarrestar os prexuizos que a invernia lle causa á veciñanza. En concreto, no lugar do Agro (Furelos) canalizáronse as augas pluviais e conectáronse á rede municipal para evitar que decorran pola pista e por diante das casas. Co mesmo fin en Guillar (San Salvador) procedeuse á limpeza de cunetas. Na Florida (Campos) reparouse o firme dos accesos a fincas e explotacións agrarias. En Teillor (Moldes) instalouse unha marquesiña para os cativos.

Castro e Calvo concorrerán xuntos ás municipais baixo as siglas do PP

Alternarán na alcaldía se ganan as eleccións e integrarán na candidatura aos rostros coñecidos dos seus partidos

VOLVERÁ MIGUEL BUJÁN POLO PSOE? O ex alcalde medita presentarse de novo

As eleccións municipais do vindeiro mes de maio poderían supoñer en Toques a volta dunha cara coñecida: a do ex alcalde socialista Miguel Buján, que asegura estar “reflexionando” sobre a posibilidade de regresar á area política. De momento, nin o confirma nin o desmente: “non me gusta xogar ao gato e ao rato. Cando o teña claro, direino”.

Non obstante, o que si recoñece é que a principios do mes de febreiro mantivo unha reunión co secretario provincial dos socialistas, Julio Sacristán, e con responsables comarcais do PSOE na que o partido lle pediu que se presentase como candidato no municipio. De aceptar, retomaría a actividade política que abandonou en 2011 por motivos de saúde, logo de ser rexedor en coalición co PP e co BNG entre 2007 e 2009.

A posible volta de Miguel Buján parece non inquietar aos populares de Toques, aínda que recoñecen que o seu regreso lles poñería as cousas un pouco máis difíciles: “rivals fortes son todos, pero non hai dúbida de que o PSOE vai ser máis rival con Miguel ca sen el”, di o que será cabeza de lista do PP, José Antonio Castro, “foi alcalde dous anos e ten o seu electorado, pero nós presentámonos co traballo feito nesta lexislatura e confiamos en ganar”.



A pouco máis de tres meses para a celebración de eleccións municipais comeza a definirse o taboleiro político da comarca. Os primeiros movementos están a producirse no concello de Toques, onde José Antonio Castro, actual alcalde polo partido independente Xuntos Cara ao Progreso de Toques (XCPT), concorrerá aos comicios de maio baixo unhas siglas diferentes; as do PP. E farao ademais sendo cabeza de lista. Como segundo de a bordo figurará na súa candidatura Jorge Calvo, líder dos populares de Toques durante os últimos sete anos, actual tenente de alcalde, e aliado de Castro na coalición de goberno PP-XCPT que goberna o municipio dende 2011.

O salto de José Antonio Castro ás filas do PP foi un rumor que planeou sobre o escenario da política municipal durante toda a lexislatura e que se confirmou o pasado 1 de febreiro, día no que os populares celebraron unha convención para presentar aos 93 candidatos da provincia.

Bicefalia

Lonxe dese escenario, a integración de XCPT no PP fraguouse integramente en Toques, segundo explican os propios implicados: “nosotros



José Antonio Castro (XCPT)



Jorge Calvo (PP)

siempre decidimos”, afirma Jorge Calvo, descartando calquera inxerencia do aparato do partido no salto de Castro á primeira liña. “En estos cuatro años demostramos que tenemos una buena sintonía en todas las cuestiones y unimos los grupos para obtener un buen resultado electoral”, sinala.

Nunha liña semellante, o seu socio de goberno fai fincapé na “boa sintonía” que caracterizou o bipartito PP-XCPT: “nunca tivemos ningunha discrepancia”. Sobre as negociacións explica que houbo “pequenas diferenzas” que se superaron “facilmente” ata chegar a un acordo. Nese pacto incluíron tamén a alternancia no poder, polo que, en caso de obteren a vitoria nas eleccións, repartirán o tempo de mandato: “si ganamos, la idea es que José Antonio sea alcalde los dos primeros años y yo los dos últimos”, explica Jorge Calvo. Na práctica isto supón repetir a mesma fór-

mula da actual lexislatura, coa diferenza de que a acción de goberno se realizará baixo o mesmo paraugas e que o partido terá no concello dous líderes con igual poder.

Reconciliación

A integración de José Antonio Castro no PP ten un significado engadido, pois supón a mostra evidente da reconciliación entre a dirección do partido e os herdeiros políticos de Jesús Ares, alcalde de Toques durante 25 anos e fundador de XCPT trala súa expulsión do PP ao ser condenado por un delito de abusos sexuais.

Segundo Castro, as augas volveron ao rego hai tempo: “reconciliación xa houbo hai tres anos e medio”, aclara, “de feito, nós tiñamos a chave de goberno e podíamos pactar co BNG, pero fixémoslo co PP porque a ideoloxía é a mesma”. Cando se produciu a ruptura, engade, “había máis diferenzas no plano persoal ca no político. Agora xa está todo superado”.

Santiso inicia o asfaltado de 17 pistas en sete parroquias

O Concello de Santiso está acometendo nestes días a reparación de 17 pistas do municipio. Os traballos comezaron xa a finais do mes de xaneiro coas tarefas de limpeza e o acondicionamento tanto do firme como das cunetas. Non obstante, houbo que agardar a que chegara o bo tempo para asegurar unhas condicións de traballo óptimas e comezar cos labores de asfaltado pro-

piamente ditos.

As actuacións estanse realizando en 7 das 17 parroquias do Concello. En concreto, trátase das de Beigondo, Belmil, Liñares, Niñodagua, Ribadulla, Serantes e Visantofia. O alcalde, Manuel Adán, asegura que estes traballos forman parte dunha primeira fase de asfaltados que se completará nos vindeiros meses con obras de mellora nas pistas doutras

parroquias. Correrán a cargo do Plan DTC da Deputación.

O que se realizará de forma “inmediata” será a corrección da coñecida como “curva de Chorén”, localizada na estrada que comunica esta aldea coa de Barazón. Hai xa dous anos que se realizaron algúns traballos nese punto kilométrico e agora completaranse para eliminar os riscos dunha curva “moi estreita e moi pechada que non reúne as condicións de seguridade”, explica Adán. As melloras consistirán “en darlle ancho e instalar un quitamedos”.



Limpeza de cunetas previa ao asfaltado no lugar de Albín

Unha intensa nevada deixa na comarca máis postais ca incidencias

Suspendéronse as clases por precaución nos centros educativos de primaria

Levabamos moito tempo padecendo o frío e agardando por ela. Despois de varios días vendo como practicamente toda España estaba cuberta cun manto branco e cando xa case perderamos as esperanzas, a neve chegou á comarca na mañá do 6 de febreiro. E pódese dicir que a nevada foi considerablemente intensa, sobre todo se a comparamos coas caídas nos últimos anos.

Con todo, a neve non provocou incidencias reseñables en ningún concello da Terra de Melide. A máis destacable foi a suspensión das clases en todos os centros de educación primaria. Non así no Instituto de Educación Secundaria de

Melide, onde si houbo actividade lectiva, aínda que cun número de alumnos reducido.

Nas zonas máis altas da comarca o panorama foi algo máis complicado. Nos lugares de Brañas, A Capela, Vilouriz ou San Xulián, dentro do termo municipal de Toques, os veciños non puideron circular polas pistas cos seus vehículos nas primeiras horas da mañá e moitos tiveron que botar man dos tractores. En Sobrado rexistráronse problemas similares e o Concello tivo que botar sal nas pistas, que estaban esvaradías non tanto pola neve como polas fortes xeadas que caeron nos días previos.



Vistas da vila de Melide dende O Castelo



Panorámica dende San Cidre (Toques)



Cantón de San Roque (Melide)

Ultramarinos ACEITEIRO

Ronda da Coruña, 34 - MELIDE
Tlf: 981 50 50 13

Parrillada RUA

ESPECIALIDAD EN:
PESCADOS Y CARNES A LA BRASA

Tfno.: 981 506 076
Avda. de Lugo, 50 - 15800 MELIDE (A Coruña)

PRODUTOS ARTESANOS DE CALIDADE

XEBRE

Tenda degustación de queixo e produtos artesanais de calidade

Rúa San Pedro, 16 MELIDE

Tenda: 981 505 723
Queixería: 981 510 702
Balada - Visantoña (SANTISO)

xebretenda@gmail.com

RAMON CABADO

Materiais de construción, cerámicas, sanitarios, accesorios e complementos de baño, mobles de cociña e baño, madeiras, calor con leña e pellets, fontanería, ferraxería

Transporte a domicilio, asesoramento técnico
Deseño de espazos

www.ramoncabado.com Tlf: 981 50 51 37
Avda. de Toques e Friol, 30 - MELIDE

Toques aproba os orzamentos

O Concello de Toques aprobou no derradeiro pleno municipal, cos votos a favor do equipo de goberno (XCPT e PP) e en contra do BNG, os orzamentos para 2015, que ascenden a 958.122 euros. No capítulo de gastos, os bens correntes e servizos absorberán a maior partida, 409.171 euros, seguidos do persoal, con 316.350. A investimentos reais destinaranse 185.500 euros. No capítulo de ingresos, o 70% dos fondos proceden de transferencias do Estado, da Xunta e da Deputación. O presuposto foi aprobado en escasos 20 minutos, coa ausencia de tres dos nove concelleiros e sen debate entre os partidos.

Falece un veciño de Santiso mentres traballaba no cemiterio de San Román

A traxedia tocou de preto ao concello de Santiso. Un veciño do municipio, Juan Carlos Varela Oro, de 44 anos, faleceu o pasado 9 de febreiro por causa dun accidente laboral mentres traballaba no cemiterio da parroquia de San Román.

O suceso produciuse pouco despois das 10 da mañá, cando o operario manipulaba unha máquina retroexcavadora de pequenas dimensións e realizaba os traballos de acondicionamento previos ás obras que se ían acometer no camposanto. Por causas descoñecidas, o traballador sacou parte do corpo fóra da pala e xusto nese momento a máquina desnivelouse, quedando o operario atrapado entre a excavadora e un muro do cemiterio.

No lugar do accidente estaba o camioneiro que momen-



A pala que manexaba Juan Carlos, no lugar do accidente

tos antes descargara a máquina no lugar. Nada puido facer por evitar a traxedia, pois cando se decatou do sucedido, Juan Carlos xa estaba sen vida. Foi necesaria a presenza dos bombeiros

de Arzúa para poder rescatar o cadáver, tarefa para a que precisaron dunha máquina hidráulica.

Juan Carlos Varela Oro estaba casado e tiña un fillo de 18 anos.

ADOPCIÓN DE CANS ABANDONADOS

Axúdalles a atopar o fogar que merecen



KOVA

Cadela cruce de mastín. Arredor de 2 anos de idade e 40 kg de peso. Cor branca-beige. Recollida no lugar de Penacova, nos Ánxeles (Melide)



BRUNO

Can de augas mestizo. Macho de ano e medio e 0 kg de peso. Pelo largo de cor gris. Algo medorento pero moi cariñoso e dócil.



INÉS

Pastora mestiza. Arredor dun ano de idade e 20 kg de peso. Moi obediente, dócil, cariñosa e nobre.

Tlf. de contacto:
639 97 10 05

Visita a páxina de Facebook
"CANS PERDIDOS EN MELIDE"
para obter máis información



Domingo, 15

17:30 h: FESTA INFANTIL DE DISFRACES - pazo de congresos

Xogos e bailes de animación, talleres de maquillaxe, globoflexia, chapas, tatuaxes e creación de accesorios de Entroido

20:30 h: RONDALLA CHICAS DE ORO DE PONTEDEUME - casa da cultura

Martes, 17 DESFILE E CONCURSO DE DISFRACES

16:30 h cantón de San Roque

Recepción de participantes

17:30 h cantón de San Roque

Desfile dos participantes até o pazo de congresos

18:30 h no pazo de congresos

CONCURSO DE DISFRACES

De chover, cancelárase o desfile e a recepción de participantes realizarase unha hora antes do concurso no pazo de congresos e exposicións.

Podes consultar as BASES no Concello de Melide ou na web: www.concellomelide.org

PREMIOS DO CONCURSO

Comparsas (+ de 8 persoas):

1º premio: 1.000 € en metálico

2º premio: 700 € en metálico

Grupos (3-8 persoas):

1º premio: 400 €

2º premio: 300 €

Individuais e parellas:

1º premio: 150 € en metálico

2º premio: 100 € en metálico

(Os menores de idade non poderán participar nesta categoría)

TEMPO DE MASCARADAS

SOBRADO, domingo 15

- A partir das 12:30, na Praza do Concello, actuación da **Charanga QUE PASA!**

- Ás 17:00, **concurso de disfraces** na Praza do Concello con **800 € en premios** e xogos para nen@s.

- De seguido, concurso e sorteo de **agasallos** nos bares da vila por xentileza da Asoc. de comerciantes.

- Tapas típicas de Entroido durante todo o día nos establecementos hostaleiros!!

TOQUES, sábado 14

- A partir das 16:30, no Edificio Multiusos de Souto, **FESTA DE ENTROIDO**

- Obradoiros temáticos, doces típicos e **concurso de disfraces** ás 17:00 horas. (Os participantes poderán inscribirse no momento da chegada).

VISANTOÑA, sábado 14

ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN "O NOSO LAR"

- Ás 17:00, **desfile** dende o local social ata o Pazo de Vilar de Ferreiros, onde se entregarán premios aos mellores disfraces.

- E para rematar... **Cea de Entroido** no Pazo de Vilar de Ferreiros, con DJ e chocolate con churros. (previa inscrición)

PONTE ARCEDIAGO, martes 17

- A partir das 18:00, no pavillón polideportivo, **concurso de disfraces** con agasallos e premios para nenos e adultos



APERTURA

— EN ARZÚA —

Estrada de Lugo, nº 9

TLF.: **699 818 139**



*Un novo establecemento acaba de abrir as súas portas en Arzúa:
O Furancho de Santiso*

Mesón, tapería e churrería, ofrece unha completa gama de servizos para todo tipo de clientes. Cunha orixinal decoración e un ambiente acolledor, convértese na mellor das eleccións para o noso tempo de ocio.

Vinoteca **A boa Viña** ZONA DOS VIÑOS MELIDE

LUNS 16 febreiro a partir das 7 da tarde

A boa Vida 2015 ENTROIDO

4ª festa da filloa á pedra
Con FILLOAS GRATIS para todos.
Ata altas horas da madrugada

+ degustación de **Cruz de Alba**
Ribera do Douro - Crianza

Terraza exterior con calefactores



Pub + 2? MELIDE

PRIMER MES: GRATIS

TODOS LOS VIERNES A PARTIR DEL **30 DE ENERO** DE 00:00 H. A 01:00 H.

RESERVAS: **619 360 079** Alberto
659 531 505 Sonia

CLASES de:
Bachata.
Kizomba.
Merengue.
Cumbia.
Salsa, etc.

CLASES IMPARTIDAS POR PROFESORA TITULADA CON AMPLIA EXPERIENCIA.



APERTURA

Rua 24

- REPARACIÓN DE CALZADO
- DUPLICADO DE CHAVES
- TARXETAS RECEPTORAS
- CARCASAS (CHAVES COCHE)
- AFIADOS

Ampla gama en mandos a distancia para parkings e portas automáticas

Tlf: 981 815 393
meliderua@hotmail.com

Rúa do Convento, 24 - **MELIDE**



ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja Allende Muga Obalo Arnegui Azpilicueta Rioja Bordón Ramón Bilbao Marqués de Terán Marqués de Riscal D.O. Ribera del Duero Tarsus Prado Rey Cruz de Alba Condado de Oriza Dominio de Atauta Pago de los Capellanes D.O. Rueda Naia Monteblanco D.O. Ribeiro Viña Costeira	D.O. Vinos de Madrid Tagonius D.O. Somontano Pirineos D.O. Bierzo Dominio de Tares Vinos del mundo Argentina, Australia, Chile D.O. Navarra Castillo de Javier Palacio de la Vega D.O. Bierzo Dominio de Tares D.O. Toro Fariña V.T. Castilla y León Dominio DosTares Viñas del Cénit	V.T. Castilla Mano a Mano & Venta La Ossa Pago del Vicario D.O. Rías Baixas Nora Lusco Veigadares Terra D'Ouro Viña Sobreira Mar de Frades Señorío de Sobral D.O. Valdeorras Galgueira D.O. Ribeira Sacra Pincelo & 1985 Champagne Perrier Jouët Aceite ArteOliva Agua Solán de Cabras
--	--	--



Un espello no que mirarse: o galego no medievo como exemplo de presente

Os notarios da antiga Terra de Abeancos (hoxe Terra de Melide) escribiron na Idade Media os seus documentos en galego, igual que fixeron os relixiosos en Vilar de Donas. Figura o idioma nos escritos da administración civil e tamén no testamento do século XV que asinou Gonçalo Oçores, señor de Pambre. Falábao a fidalguía e falábano os labregos.

Dunha punta a outra das comarcas de Melide e da Ulloa o galego gozou na época medieval dunha saúde esplendorosa e dun uso totalmente normalizado. Agora, o Servizo de Normalización Lingüística dos concellos agrupados de Melide, Palas de Rei, Toques e Santiso quere rescatar ese pasado cultural para traelo como referencia ao presente e empregalo como exemplo do que debe ser o uso da lingua propia.

O xeito de facelo foi a través da palabra escrita e da imaxe, condensadas as dúas nun almanaque con fotografías de

monumentos medievais tiradas nos catro concellos e textos explicativos da mesma época. O resultado son 500

Distribúen 500 almanaques con fotos e textos da época medieval para sensibilizar sobre a lingua

calendarios con seis imaxes cada un e 365 días para sensibilizar sobre o uso da lingua, “a maior creación cultural de Galicia”. Así a definiu o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, na presentación do calendario que se realizou a finais de xaneiro no Concello de Toques e á que asistiron tamén os rexedores da comarca.

García destacou a antigüi-

dade do galego e fixo fincapé na súa proxección de futuro: “actualmente ocupa o posto 26 en presenza en internet de 6.000 linguas que ten censadas a UNESCO”. Ao fío, concluíu dicindo que “podemos ser unha gran potencia se sabemos aproveitar todo iso”.

Tradición oral

Tamén en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Concello de Melide poñerá en marcha outra iniciativa que terá como base o patrimonio cultural. Consistirá na recompilación de cantares tradicionais, folclore oral, ditos e refráns populares a través do alumnado dos tres colexios da vila. Trátase dun traballo interxeracional que implicará tanto a cativos como a avós e no que as familias “terán un rol prioritario”. Ao remate da recompilación, e co apoio da Deputación da Coruña, editarase un monográfico divulgativo.



Páxinas do almanaque dedicadas a San Antolín de Toques e ao Pazo de Vilar de Ferreiros



O secretario xeral de política lingüística, Valentín García, cos alcaldes de Toques e Melide na presentación do calendario

Melide celebra o 7 de marzo a IV edición da Festa Single



A cea na Pulpería Ezequiel sempre depara regalos e sorpresas para os asistentes

Non hai mellor carta de presentación: “bo ambiente, moitas risas, moita marcha e coma sempre: moitos agasallos sorpresa”. E todo iso en Melide. Así reza o cartel promocional da IV Festa Single, que volve un ano máis á vila para convertela no punto de encontro de solteir@s, separad@s e divorciad@s de toda Galicia.

“É unha moi boa ocasión para coñecer xente”, asegura Manuel Vázquez “Sierra”, que comezou a organi-

zar o evento no ano 2012 e viu como foi medrando ata chegar a reunir a máis de 100 persoas. Non se agarda menos nesta edición, que se celebrará o sábado 7 de marzo na Pulpería Ezequiel. A cea, que ten un custo de 20 euros, dará comezo ás 21:00 horas. As persoas interesadas en asistir poden anotarse a través da páxina de Stilosingle Galicia ou ben chamando aos números de teléfono 600 51 91 31 e 610 52 34 51.

Cambios na concentración moteira

A concentración moteira organizada polo club Millí Riders chegará a Melide o próximo 4 de xullo e farao con algunhas novidades. A primeira delas, a propia data, que se atrasa un par de semanas con respecto a edicións anteriores para celebrarse en pleno verán. Os actos concentraranse nun só día e terán ademais un novo escenario principal: o Cantón de San Roque. O



motivo do cambio de ubicación responde á intención de atraer máis público ao centro da vila.

Unhas boas risas cun día de cine

Os usuarios do Centro Ocupacional de Melide engaden ás súas actividades as visitas periódicas ás salas de cine. Na última ocasión desprazáronse ata Santiago para ver na gran pantalla a comedia “Dios mío, ¿pero qué te hemos hecho”, que arrincou as risas de máis de un. Esta actividade, xunto con outras como a cociña ou a informática, pretende axudarlle aos usuarios do



centro a desenvolver a súa autonomía persoal e acadar un maior grado de independencia.

A Vespa Lambretta amosa en Melide catro décadas de imaxes e recordos

Non hai moitas iconas coas que se poidan identificar avós, pais e netos. Desas que sobreviven ao paso do tempo, que atravesan décadas, salpican xeracións e contan a historia dun pobo. Se algunha aínda queda, a Vespa Lambretta está sen dúbida entre elas.

Coas alforxas cargadas de anécdotas, de vivencias en familia, de primeiros amores e de arroutas de xuventude, máis de cen exemplares destas motos míticas déronse cita en Melide os días 24 e 25 de xaneiro para participar no VII Invernovespas, a concentración de amantes das Vespas que xa fixo da vila a súa capital. E non é por casualidade: “tenemos la infraestructura necesaria, los domingos está todo abierto, los sábados podemos aprovechar la noche y la hostelería es abundante”, di Faustino Senín, máis coñecido por “Fas”, melidense e presidente Asociación Golfos Ártabros que se encarga da organización

desta cita anual.

Destaca tamén o carácter céntrico da vila, “un lugar cómodo” ao que se poden chegar con facilidade moteiros procedentes “de todos los

A vila acolleu o VII Invernovespas, que chegou cunha mostra fotográfica e a presentación dun documental

puntos de Galicia, Asturias, Zamora, León y Portugal”.

Mil imaxes, mil historias

A concentración Invernovespas chegou este ano a Melide cargada de actividades. Unha das máis destacadas foi a exposición que aínda se pode ver na Casa da Cultura con imaxes históricas de Vespas doadas

voluntariamente polos seus propietarios. Trátase dunha pequena mostra de 30 imaxes que resumen un traballo moito máis amplo; o que leva facendo dende 2009 Pablo Osorio, un vigués que xa conseguiu recompilar para a memoria histórica máis de 1.000 imaxes da Vespa Lambretta en Galicia, dende a década dos anos 50 ata a dos 80. Todas elas están recollidas na web miabueloteniaunaigual.es, unha ventá aberta ao pasado “con tesoros gráficos que evocan momentos irrepetibles y entrañables”.

Inspirado nesa exposición, e baixo o título “Meu avó tiña unha igual”, Estudio Faíno está a elaborar un documental dende finais de 2014 con vivencias narradas en primeira persoa por algúns dos protagonistas da historia da Vespa en Galicia, como a primeira muller scooterista, que agora ten 86 anos. Tamén Melide tivo o privilexio de coñecer un adianto dese traballo.



Desfile de Vespas polas rúas de Melide



Un grupo de mozos de Cambre cunha Vespa nos anos 60

Pasarelas para a canle das Mazairas e o río de Vilamor



A directiva de “Río Furelos” presentando a programación de 2015

Non só coidan dos ríos, senón que tamén se preocupan por facilitar o deporte da pesca na comarca. É por iso que a Asociación de Troiteiros “Río Furelos” construíra ao longo do 2015 dúas pasarelas: unha para vadear a canle do muíño das Mazairas e outra para facer o propio no río de Vilamor. Ámbalas dúas terán 7 metros de longo. Esta actuación forma parte do conxunto de actividades que a directiva de “Río Furelos” programou para o presente ano e que presentou a finais de xaneiro no transcurso da XII asemblea ordinaria. No encontro, ao que asistiu algo máis do 70% dos 382 membros cos que conta a asociación, tamén quedou fixada a data para a celebración do X Campionato de Pesca Terra de Melide. Será o 11 de abril. As xornadas de limpeza do río Furelos faranse o 29 de agosto e o 5 e 12 de setembro.

Novo récord de Patricia López na esgrima galega

A tiradora Patricia López, alumna da Escuela Ayude de Melide, segue apuntando alto no mundo da esgrima tras conseguir unha meta nunca antes alcanzada a nivel galego nesta disciplina: conseguir no mesmo día unha medalla de prata en categoría absoluta e unha de ouro en categoría cadete. A fazaña logrouna a última fin de semana no ranking celebrado en Compostela, un éxito que os seus adestradores interpretan como o anticipo “dun futuro prometedor”. Tampouco foi mal a cousa para os loitadores de Escuela Ayude no torneo autonómico celebrado recentemente en Pontevedra. Volveron para a casa con 5 medallas de ouro (Lía Mellid, Víctor Buján, Guillermo López, Cora Ayude, Laura Ramos), dúas de prata (Lucas López, Iker López) e unha de bronce (Sabela Cabado).



Equipo de Escuela Ayude no torneo autonómico de Pontevedra

Rite ti!, o ciclo de humor da Casa da Cultura

A Casa da Cultura de Melide comeza o ano con moi bo humor. Tanto é así que na súa programación para o inicio de 2015 inclúe un ciclo de comedia con catro monólogos en directo, un por mes. *Rite ti*, nome co se bautizou o espectáculo, reúne a cómicos coñecidos no panorama nacional. O primeiro en pasar polos escenarios melidenses foi Albert Boira e o seguinte será o humorista andaluz Toni Rodríguez, que nos visitará o 7 de marzo ás 22:30 horas. El daralle o relevo a dous cómicos galegos: Javier Veiga, que estará na Casa da Cultura o 4 de abril, e Manuel Lago, que actuará o 2 de maio. As entradas poden adquirirse por anticipado en www.mercaticket.com ou en Muxica Tenda Xoven.

Por San Valentín, merca en Melide




floristas
strelitzia

Tfnos.: **881 819 101**
699 100 294 (Esther)
696 372 032 (Cristina)
Cantón de San Roque, 46
15800 MELIDE (A Coruña)
strelitziafloristas@hotmail.com



14 de febrero
dilo con flores....


feliz SAN VALENTÍN
día del amor y la amistad

12 Anos
i love you
Si algún día Dios nos dice que amar es pecado,
prefiero ser pecador y estar enamorado.
Si alguien quiere cuanto te
quiero envía las estrellas
del cielo...
Si tienes una semilla de amistad, recoge un ramo de felicidad
¡guárdala!
Guárdame en tu corazón
Yo nunca sé que tengo un secreto,
hasta que me siento fuerte tú.
Por amigos es la vida que se vive

Floristería MARU

...nosotros te ayudamos!

Rúa do convento nº2 Melide (A Coruña)
e-mail: floristeriamaru@gmail.com
tel: 981 507580
móvil: 622 507579



MIS MEJORES LABORES

Avda. América, 3 MELIDE



Floristería
Tarrío
MELIDE

- **Produtor de toda clase de flores**
- **Preparamos:**
Ramos de noiva, coroas, ramos,
palmas, centros, etc..
- **Estamos ao seu servizo en:**

R/ Amador Rodríguez, 7
Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
666 49 38 49 / 666 49 38 50



Non vale furar

Vanessa Martínez Iglesias, xornalista



O máis repoludo ou o máis patoso do recreo era sempre o que tiña que apandar con ser porteiro. Algunhas veces era incluso un que estaba por alí e ao que non lle gustaba o fútbol, pero para igualar o número de participantes logo

se lle dicía: “ponte ti aí!”. E o porteiro asumía o seu papel, con ganas ou sen elas, pero deixando sempre unha cousiña clara: “non vale furar!”.

Eran normas implícitas que non precisaban máis explicación e todos asumían

entendéndoa como razoable. Non era necesario firmar ningunha aprobación previa legal por maioría de $\frac{3}{4}$, nin expoñelo quince días por se alguén tiña algo que obxectar. Cousas razoadas para as que o razoamento humano debería ser

suficiente.

Co tempo e o paso dos anos, o partido vólvese xogar todos os días: hai uns capitáns que deciden as normas do xogo, que é o sistema no que vivimos, sen facer moito caso aos que queren xogar ao brilé ou intercambiar cromos. Aquí xógase e namais. Calquera que queira xogar a outro xogo que non sexa este será un friki, un extremista, un radical (incluso radikal!), un antisistema e, se me apuras, un candidato a denunciado por apoloxía do terrorismo. Logo están os que enchen o campo, correndo dun lado para outro, gastando toda a enerxía do bocadillo para que, despois, ao final, sempre lle haxa que pasar o balón ao de sempre para que marque o gol.

E na portería estamos os demais: as pezas necesarias para que o partido poida ter lugar, pero que non importan a ninguén nin para nada. Salvo para unha cousa: para dicir que é nosa a culpa do gol; para dicir que a situación que sufrimos é culpa da xente que, coma o porteiro que o é porque o puxeron alí, ten que escoitar, inda por riba “é que con este porteiro!”.

O único consolo neste partido sería, polo menos, berrar ben claro: “non se vale furar!”, e que, coma no patio do colexio, se respectase sen

máis. Pero alguén nos convenceu xa de que se nos furan é polo noso ben, é para nun futuro poder estar mellor, é porque antes vivimos moito por riba das nosas posibilidades e agora temos que entender que é normal que vullan os punteiros, e que incluso nos farán máis fortes.

E así é como se van levantando vallas con cuchillas sen que pase nada; como se vai privatizando a sanidade sen que pase nada; como se implanta unha cadea perpetua baixo criterios sempre subxectivos, sen que pase nada; como se esnaquizan os dereitos laborais e se rebenta a cultura, como os nosos propios compañeiros de equipo -os membros da “defensa”- van quedando sen casa porque a necesita máis un banco ou unha caixa de aforros, e non pasa nada; e é así como aquilo que recollía a Constitución deste país de “dereito a un traballo e dereito a unha vivenda” se converte nun texto ilusorio ao nivel do Alicia no país das marabillas.

E sen visos de que os que estamos de porteiros poidamos nalgún momento ser os que repartamos o xogo no medio do campo, nin trazas de que decidamos deixar a portería e montarnos aparte o noso partido paralelo, estaría ben que polo menos esixísemos que se cumprise o “non vale furar”.

Retrincos sobre o krausismo

César C. Vega, filólogo

Karl Christian Friedrich Krause cuñou esta corrente filosófica a principios do século XIX co obxecto de recuperar e complementa-lo pensamento kantiano. Postulaba a unidade entre espírito e natureza, orientada por Deus; a configuración social das institucións e das asociacións humanas, especialmente a familia e a nación, fronte a aquelas limitadoras da liberdade —Igrexa e Estado—, e a obtención da harmonía persoal e social mediante a moral, o dereito, o Estado, a relixión e a ciencia.

En torno a 1860, Julián Sanz del Río adaptouna e introduciuna en España. Asentada nun substrato previo, representado nos escritores Antonio Xavier Pérez e José Álvarez Guerra, triunfou grazas á conversión nun movemento de renovación espiritual. Incidiu non só na teoría estética e na crítica literaria, senón tamén na pauta referencial e a reflexión literaria efectuada polos escritores Juan Valera e José María de Pereda.

Un dos representantes galegos foi Juan Sieiro González (San Tomé de Maside, Ourense, 1835–Ourense, 1893). Licenciouse en Teoloxía (Toledo) e Filosofía e Letras (Universidad Central de Madrid). Exerceu a docencia de Grego e Filosofía no Instituto Provincial de Pontevedra e despois a cátedra de Lóxica e Ética en Ourense. Nesta última cidade desempeñou os cargos de edil e deputado provincial,

mais non se involucrou nas leas partidistas nin se adicou plenamente ós devanditos cometidos. Procuraba a reforma da sociedade violenta e a mudanza da historia de Galicia mediante o compromiso cultural e o pensamento da clase política.

Desenvolveu dous cometidos, a dirección da publicación *El Eco del Liceo* e a dinamización do Recreo de Artesanos. Co paso do tempo, Sieiro e outros intelectuais ourensáns propiciaron a fusión das dúas entidades mencionadas. Durante a estada madrileña articulou o krausismo coas achegas do liberalismo, o cristianismo racional e a rexeneración moral.

Para a cadeira de Ourense debullou pautas e guías prácticas nos ensaios *Psicología y Lógica* (1872), *Principios de Psicología, Lógica y Ética* (1882) e *Sociología* (1888). Malia non efectuar claramente unha praxe política, as ideas sociais e políticas encardinábanse no republicanismo e nas formas de goberno federalistas. A diferenza de Georg Wilhelm Friedrich Hegel, que dilúe as particularidades históricas na esencia eterna da humanidade, o masidao posicionábase a favor da diversidade cultural, o que conlevaría lograr uns mesmos ideais para toda a humanidade. Neste sentido, auguraba a desaparición da lingua galega a causa da carencia de literatura, a invasión do castelán e os defectos de uso.

REFLEXIÓN CON HUMOR

Pepe Núñez



KARIM GAMIL QUINTELA, “CLÍNICA DENTAL KARIM GAMIL”

“É recomendable que os cativos vexan como algo natural o hábito de acudir ao dentista”

Recoñece que algunhas cousas non cambiaron moito co paso do tempo e que a maioría dos pacientes seguen acudindo ao dentista só cando aparece a dor. Pero a clínica que Karim Gamil puxo en marcha hai algo máis dun ano na melidense Ronda de Pontevedra é un espazo afastado de

calquera mal sentimento: polo trato próximo, pola atención personalizada e polo empeño deste xove profesional en explicar ata o último detalle de calquera dos tratamentos que ofrece no campo da cirurxía, da ortodoncia, da endodoncia, dos implantes, da estética ou da odontopediatría.

-Como especialista na atención a nenos, cal é o momento axeitado para comezar a ir ao dentista?

-Karim Gamil (K.G.): Canto antes, mellor. É recomendable que os cativos vaian collendo o hábito de acudir ao dentista e que o vexan como algo natural. Os 5 ou 6 anos son idades importantes, porque empezan a saír os dentes definitivos, pero xa se deben de traer antes á consulta para botarlles un ollo. Trátase máis ben de que se familiaricen co dentista, de xogar un pouco no sillón e de conseguir que abran a boca e saiban que non pasa nada. Hai que evitar que collan medos innecesarios.

-No caso das ortodoncias, a que idade se recomenda empezar cos tratamentos?

-K.G.: Hai diferentes casos; depende de se é un problema que está só nos dentes ou se vén do óso de base, do queixelo, do maxilar... nestes últimos supostos a idade é importante. As nenas deben comezar a tratarse con 8 ou 9 anos e os nenos, que teñen un desenvolvemento máis tardío, con 10 ou 11. Actuar a unha idade temperá permite que os tratamentos sexan máis sinxelos e máis curtos. Hai problemas que incluso se tratan se necesidade de aparatos de ortodoncia, actuando sobre os dentes de leite.

-No caso dos adultos, hai unha idade límite?

-K.G.: Non, o límite está nas ganas que teña a persoa de poñer un corrector. Temos algúns pacientes que comezaron con 60 anos. O tratamento no caso dos nenos está enfocado a corrixir unha mala oclusión e a conseguir unha estética correcta, mentres



Karim Gamil Quintela na clínica da rolda de Pontevedra que abriu hai algo máis dun ano

que no caso dos adultos realízase normalmente a raíz doutros problemas e vai combinado con máis tratamentos, pero a idade nunca é un hándicap para iso.

-Xa son lexión os que buscan o sorriso perfecto. Como o definiría?

-K.G.: En realidade non existe. Iso é algo moi persoal: un sorriso con características propias e con personalidade pode ser igual de perfecto ca calquera dos que vemos nun anuncio publicitario. O sorriso perfecto é aquel co que a persoa está contenta. Á marxe diso, si que é certo que hai pacientes que veñen buscando eses sorrisos que vemos na televisión. Inténtase conseguir o mellor resultado.

-Outra das obsesións son

os dentes brancos. Hai modas na odontoloxía?

-K.G.: Si, por suposto. De feito en relación con iso xa se está a falar da brancorexia, unha patoloxía que fai que xente que xa ten un ton branco siga demandando tratamentos branqueadores. Os profesionais temos que aprender a dicirlles que xa non lles vai facer nada e aplicar un pouco de psicoloxía.

-É un tratamento que ofrecen moito as franquicias. Que opina deste tipo de clínicas?

-K.G.: Terían que estar moito máis reguladas. Hai moita publicidade enganosa nese campo. Os anuncios de tratamentos tan baratos teñen pouco de certo e cando entras pola porta xa empezan a sumar. Eu nunca podería ofrecer

os mesmos prezos porque só o material que emprego para un tratamento xa é mais caro que a suma total do que eles ofrecen. Algo falla. Antes de poñerse en mans dunha franquicia sempre recomendo que se pida unha segunda opinión.

-Como pode o paciente saber que está en mans dun bo profesional?

-K.G.: É complicado. Loxicamente ao dentista hai que pedirle tres ou catro cousas: que teña a carreira, que estea colexiado e que ofrezca unhas certas garantías. Fóra diso, hai xente que está moi afeita a falar e a enganar, pero penso que calquera profesional dunha clínica privada quere o mellor para si e, aínda que sexa só por iso, non te vai enganar. Fundamentalmente trátase de depositar confianza

“Para nós é moi importante que o paciente saiba en cada momento o que se lle vai facer e por que”

“Un sorriso con personalidade pode ser igual de perfecto cós que vemos nos anuncios”

no dentista. Nese sentido, para nós é moi importante dar explicacións detalladas; o paciente debe saber en todo momento o que se lle vai facer e por que.

-Que servizos ofrece na súa clínica?

-K.G.: De todo un pouco, intentamos ofrecer un servizo integral: cirurxía, ortodoncia, endodoncia, radiografía dixital, próteses, implantes, tratamentos de estética, odontopediatría... se hai algo que se nos escapa, procuramos derivalo a expertos que temos de man. Pero é raro, no día a día cubrimos todo.

Clínica Karim Gamil
Rda. Pontevedra, 32
Tif: 981 50 62 44

PALLADIUM

DISCOTECA

MELIDE

SABADO

FEBREIRO

14

CONCURSO DE DISFRACES

5.000

EUROS EN PREMIOS

GRUPOS

1º. 2.500

2º. 1.000

3º. 500

INDIVIDUALES

1º. 600

2º. 300

3º. 100

INSCRIPCION EN DISCOTECA PALLADIUM

LA PUNTUACION SERA AVALADA POR LOS LOCALES ADHERIDOS:



bidi
by Rgh

la CUS
REALTY RECREATION PUB



TUBOS

Nexus

Pub
velvet
Melide

pub
ZEROX
melide

Imagine

ANANDA
YOGA BAR

Pub
De Luxe